



UNIDADE 9

Estamos moi ben

Móstralles aos seus alumnos e alumnas a fotografía da portada da unidade e lea en voz alta o título: **Estamos moi ben**. Dígalles que a imaxe corresponde a unha campaña publicitaria do Goberno galego (aclare despois que non se trata dunha campaña real). Anímeos a dicir cal pensan que é o seu obxectivo. Se non o fixesen os seus estudantes, faga vostede referencia a termos como **saúde, sanidade e estado físico**.

Anuncie, por último, os obxectivos e a tarefa final da unidade: interesarse polos problemas dos compañeiros e ofrecerlles axuda mediante consellos.



1. O CORPO PERFECTO

Relacionar o nome dalgunhas personaxes famosas coas partes do corpo que aparecen nunhas imaxes. Falar sobre partes do corpo.

ANTES DE EMPEZAR

Prepare unhas tarxetas co nome destas partes do corpo: a cara, os ombros, as costas, os brazos, as pernas, o pelo, os ollos, o nariz, a boca, o peito e as mans. Faga un debuxo dun monicreque no encerado e pídalle aos seus estudantes que se levanten a colocar as tarxetas no lugar correspondente á parte do corpo á que fan referencia. Deixe o monicreque no encerado para poder ampliar o vocabulario se fose necesario.

PROCEDEMENTOS

A. Explique que as fotos da páxina 74 pertencen ás partes do corpo dalgunhas personaxes famosas que os lectores dunha revista galega votaron como as partes máis atractivas. Pídalle que miren as fotos atentamente e que busquen na lista o nome correspondente a cada unha.

Solución

A cara de Luís Tosar

Os ombros de Tom Cruise

As costas de Nicole Kidman

Os brazos de Arnold Schwarzenegger

As pernas de Paula Vázquez

O pelo de Marilyn Monroe

Os ollos de Denzel Washington

O nariz de Naomi Campbell

A boca de Laura Ponte

O queixo de John Travolta

B. Pregúntelles agora aos seus alumnos e alumnas cal é a parte do corpo dunha persoa na que se fixan primeiro. Pode comezar vostede dicindo en que parte do corpo se fixa e explicando por que. Logo, pregúntelles se hai algunha parte do corpo que lles guste máis. Pode dirixir a pregunta cara a eles mesmos (a parte que máis lles gusta do seu corpo) ou facela con carácter xeral.

E DESPOIS

Pídalle que se fixen de novo na sección A e que imaxinen que eles tamén son lectores desa revista. Pregúntelles que votarían e déalles uns minutos para pensalo e comentalo en grupos de tres. Despois, faga unha posta en común na clase. Se ten alumnos de diferentes países e o cre conveniente, pode preguntarlles se pensan que nos seus países existe un ideal de beleza diferente do doutros países, se o aspecto físico é moi importante, se existe o chamado “culto ao corpo” etc.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 122, exercicio 4.

2. LINGUAXE CORPORAL

Ler un artigo sobre a linguaxe corporal e responder unhas preguntas. Falar sobre aspectos culturais relacionados coa linguaxe corporal.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ofrece, mediante unha comprensión lectora, información relevante sobre a linguaxe corporal. A intención é que o estudantado sexa consciente da existencia de códigos que varían dunha cultura a outra.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes: **Ademais de coa boca, con que outras partes do corpo “falamos”? Que outros aspectos forman parte da comunicación?** Anote no encerado as respostas que obteña (son esperables: **os ollos** ou **a mirada**, **as mans** ou **os xestos** etc.).

A continuación, pode dicirlles que, segundo os resultados dalgúns estudos sobre a comunicación non verbal, se supón que a linguaxe non verbal representa un 60% da totalidade da mensaxe.

Por último, se vostede dá clases en Galicia, interérese por saber se son conscientes dalgúns aspectos da linguaxe non verbal dos galegos.

PROCEDEMENTOS

A. Invite os seus alumnos e alumnas a ler o artigo proporcionado. Déalles o tempo necesario e axúdeos a resolver as dúbidas que teñan. Despois, pregúntelles se hai algunha información do texto que os sorprenda. Logo, interérese tamén por saber se coñecen algunha persoa das culturas que se mencionan e, se é así, se se comportan tal e como di o texto.

B. Se vostede ten alumnos estranxeiros, pregúntelles se na súa cultura existen xestos ou movementos característicos e se hai algunha cousa importante que un estranxeiro de visita no país deba saber.



3. ESTÁ MAREADA

Recoñecer, a través dunha gravación, os problemas de saúde de cinco persoas. Observar diferentes estruturas para falar de dores, molestias e síntomas. Relacionar problemas con consellos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A audición desta actividade está dividida en dúas partes. Na primeira (pistas 43-47), cinco persoas falan de dores e molestias. O seu estudantado terá a oportunidade de

Estamos moi ben

reflexionar sobre diferentes recursos lingüísticos para expresar doenzas. Na segunda (sección D, pistas 48-52), escóitase o mesmo que na primeira, pero, ademais, danse consellos para solucionar os problemas.

ANTES DE EMPEZAR

Móstralles aos seus alumnos e alumnas os debuxos das cinco persoas e pregúntelles: **Que teñen en común estas persoas?** Espere as súas respostas e escriba no encerado: **Non se atopan ben e Atópanse mal.**

PROCEDEMENTOS

A. Pídalle ao seu estudantado que lea o título da actividade e pregúntelle a cal das cinco persoas dos debuxos se refire. Despois de obter a resposta (a número 5), explíquelles que van escoitar cinco conversas nas que cada unha desas persoas fala do que lle pasa. Pídalles que completen as frases que hai debaixo de cada debuxo.

Solución

1. *Dóelle a cabeza.*
2. *Dóenlle os pés.*
3. *Ten tose.*
4. *Ten dor de estómago.*
5. *Está mareada.*

B. Faga que se fixen nas combinacións de palabras das expresións anteriores e que coloquen os vocábulos da lista na columna correspondente. Se durante a posta en común vostede observa que queda algunha dúbida sobre o funcionamento desas estruturas, remita os seus estudantes á sección “Dores, molestias e síntomas” da páxina de gramática.

Solución

- Dóelle: a cabeza, o estómago.*
Dóenlle: as moas, os pés, as costas, os oídos.
Ten dor de: cabeza, moas, pés, estómago, costas, oído.
Ten: catarro, tose, febre, náuseas, diarrea.
Está: mareado/a, doente, pálido/a.

C. Escriba no encerado: **dar consellos** e, se fose necesario, explique o significado desa expresión. Despois, pídalles aos seus estudantes que lean os cinco consellos da sección C e anímeos a dicir a que persoa da sección A vai dirixido cada un.

D. Despois de facer hipóteses, explíquelles que, para comprobalas, van escoitar de novo esas persoas, pero, agora, van escoitar tamén os consellos que lles dan.

Solución

2. *Para iso o máis doado é poñelos en auga e sal.*
5. *Por que non sentas e descansas un pouco?*
4. *Para iso a camomila vai moi ben.*
1. *Deberías tomar unha aspirina e descansar un pouco.*
3. *Tes que tomar, antes de durmir, un vaso de leite quente con mel.*

E. Dígalles agora aos seus alumnos e alumnas que nas conversas que acaban de escoitar as persoas fan unhas

hipóteses sobre o presente. Pregúntelles se saben en que tempo verbal están expresadas. Se fose necesario, volva poñer a gravación para que as anoten nos seus cadernos.

Solución

- O tempo verbal é o futuro.*
Estarei collendo un catarro.
Non terás unha escordadura?
Serán os nervios.

Comente cos seus estudantes os exemplos nos que aparece o futuro con valor de hipótese e asegúrese de que o entenden. Pode aclarar, se o cre conveniente, que, para falar de plans, intencións e accións futuras, en galego é máis frecuente o emprego da perífrase *ir* + infinitivo ou do presente que do futuro. Na páxina 140, poden atopar máis información sobre este tema.

E DESPOIS

Divida a clase en dous grupos (A e B). Fotocopie e entregue as tarxetas da **ficha 14**, de maneira que os estudantes do grupo A e do grupo B teñan as tarxetas que lles corresponden (A, doenzas; B, consellos). Cada estudante debe ter unha tarxeta para memorizar o seu contido.

A seguir, un membro do grupo A érguese e comunica o seu problema de saúde. O membro do grupo B que teña un consello adecuado debe erguerse e dicilo. Se a combinación é correcta, pídalles que vaian ao encerado e que coloquen as súas tarxetas unha ao lado da outra.

4. É OU ESTÁ?

Reflexionar sobre algúns usos de *ser* e *estar*

PROCEDEMENTOS

Presente a foto de Begoña e Diana e convide o seu estudantado a coñecer mellor estas dúas rapazas lendo a información que aparece debaixo. A seguir, pídalles que completen o cadro sobre os usos dos verbos *ser* e *estar* tendo en conta a información sobre Begoña e Diana.

Solución

Ser, estar, estar, estar.

Remita o seu estudantado á sección “Ser e estar” da páxina de gramática para aclarar calquera dúbida que poida xurdir na corrección do cadro e amplíe a información coas explicacións e exemplos que se dan.

E DESPOIS

Se o considera oportuno, pode realizar a seguinte actividade. Pídalles aos seus alumnos e alumnas que pensen nunha personaxe famosa actual e que escriban un breve parágrafo descritivo con información semellante á de Begoña e Diana. Os compañeiros deben tentar adiviñar de que famoso se trata.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 121, exercicio 3.



5. XESTOS

Asociar determinados xestos a diferentes estados de ánimo ou emocións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade preténdese que os seus estudantes reflexionen sobre os xestos que se fan normalmente para reflectir un estado anímico concreto. Asegúrese de que coñecen o nome deses estados anímicos en galego.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado: **contento/a, nervioso/a, enfadado/a, impaciente, triste**. Pregúntelles aos seus estudantes que son todas esas palabras (adxectivos que describen estados de ánimo) e se cren que se usan con **ser** ou con **estar**. A continuación, pídalles que digan outros adxectivos que serven para expresar estados de ánimo: **asustado/a, indeciso/a, sorprendido/a, preocupado/a, cansado/a, decepcionado/a...**

PROCEDEMENTOS

A. Empece vostede dicindo que xestos ou que movementos fai cando está contento. Pode empregar tamén o exemplo da mostra da lingua. A seguir, pregúntelle a un estudante que fai cando está nervioso. Repita a pregunta con todos os adxectivos de estado de ánimo que se mencionasen antes e procure que participen todos os seus alumnos e alumnas.

B. Propóñalles xogar a facer mímica para representar os diferentes estados de ánimo. O resto da clase ten que adiviñar de cal se trata.

6. HAI MOITA XENTE

Comparar os xestos que fai cada estudante para transmitir unha mesma mensaxe.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se os seus alumnos e alumnas son da mesma nacionalidade, é probable que as diferenzas nos xestos sexan de tipo persoal, non cultural.

Se conta con estudantado galego, leve a cabo a actividade tal e como aparece formulada no libro. Se fosen doutras nacionalidades, teña en conta o suxerido a continuación na epígrafe “Antes de empezar”.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes que significa o xesto da man pechada co polgar cara a arriba (un dos que aparece debuxados no libro). Acepte como respostas: **ok, vale, está ben, de acordo** etc. Lea en voz alta as frases das caixas

verdes e aclare calquera dúbida de significado se fose necesario. A seguir, explique que vostede vai representar os xestos que os galegos adoitan facer para cada unha das mensaxes e que eles deben adiviñar a cal corresponde cada un dos xestos.

PROCEDEMENTOS

Pregúntelles que xestos fan eles para acompañar as frases propostas ou para transmitirle esas mensaxes a alguén que non os pode oír. Interésese polas diferenzas culturais ou peculiaridades que xurdan.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos e alumnas que imaxinen que están a unha certa distancia uns dos outros, de maneira que non se poden oír. Faga que, por quendas, escollan unha das frases da seguinte lista (que vostede copiaría previamente no encerado) e que se poñan de pé para comunicárllela aos compañeiros mediante un xesto. O resto da clase intentará adivinala.

Que hora é?
Que che pasa?
Falamos logo.
É moi caro.
Tomamos un café?
Non sei.

7. POR QUE ESTÁ TAN CONTENTA?

Determinar o estado de ánimo dunhas persoas e adiviñar o porqué a partir da súa situación e da súa linguaxe corporal.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta ocasión, os seus estudantes teñen que analizar o contexto (tanto o contorno como a linguaxe corporal) de tres ilustracións para decidir o estado de ánimo no que se atopan as personaxes que aparecen. Anímeos a facer hipóteses sobre a causa dese estado.

É importante que os seus alumnos e alumnas lembren os nomes das partes do corpo, polo que, se non o fixeron aínda, pode ser conveniente que fagan o exercicio 4 da sección “Máis exercicios”.

PROCEDEMENTOS

Distribúa os seus estudantes en parellas. Pídalles que observen atentamente as ilustracións e que traten de decidir o que lles pasa a esas persoas, como están e por que están así. Déalles tempo para discutilo e formular as súas hipóteses. Poden empregar o dicionario se o precisan.

Por último, faga unha posta en común para comprobar se todos coincidiron ou hai diferentes hipóteses.

8. CONSULTORIO

Relacionar problemas con consellos. Dar consellos para unha serie de problemas.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se pensan que escribir a un consultorio dunha revista lles parece un bo método para atopar a solución dun problema.

PROCEDEMENTOS

A. Explique que no libro aparecen tres consultas que tres persoas enviaron a unha revista. Déalles tempo para ler os tres problemas e as tres solucións propostas e pídalles que os emparellen. Antes de pór en común a solución, permítalles comparar as súas respostas en parellas.

Solución

Problema 1, solución 3.

Problema 2, solución 1.

Problema 3, solución 2.

A seguir, anímeos a comentar os consellos propostos pola revista e a propoñer outros que se lles ocorran.

B. Distribúa os seus alumnos e alumnas por parellas e pídalles que lean os cinco problemas propostos no libro. Dígalles que teñen que escoller un e escribir un texto dando un consello.

Se prefire realizar a posta en común dunha maneira máis lúdica, en lugar de que cada parella lea o problema e o consello, pídale a cada unha que lea o consello sen dicir a que problema dá resposta; o resto dos compañeiros debe adivíñalo.

9. TEÑO UN PROBLEMA

Escribir un problema e pedirllas consello aos compañeiros.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus alumnos e alumnas porán en práctica os contidos da unidade. Asegúrese de que ao escribir o problema dean toda clase de detalles, incluído o estado de ánimo no que se atopan. En función do seu contexto de ensino, pode ocorrer que os seus estudantes aínda non manexen o estilo indirecto. Se fose necesario, dirixa vostede a posta en común cunha frase de saída: **Estes son os consellos que me deron: tes que falar con...**

ANTES DE EMPEZAR

Expoña vostede un problema seu, real ou inventado (por exemplo, **estou namorado do/a meu/miña xefe/xefa**), e pídalles consello. Intente que interveñan todos os seus alumnos e alumnas. Agradeza e comente os consellos que reciba, escolla un e xustifique a súa elección.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que escriban un problema nunha folia de papel. Insista en que pode ser real ou inventado e que pode estar relacionado con calquera ámbito: profesional, persoal, saúde... Dígalles tamén que asinen a folia, pero que non poñan o seu nome verdadeiro.

B. Cando estean preparados, pídalles que lle pasen a folia ao compañeiro ou compañeira que teñan á súa esquerda para que lea o problema e escriba un consello. Déalles un par de minutos e repita a operación ata que o papel volva ás mans da persoa que escribiu o problema.

C. Déalles tempo para que lean todos os consellos e, despois, anímeos a comentalos co resto da clase.



10. A PEQUENOS MALES, GRANDES REMEDIOS

Ler un texto sobre remedios naturais e falar sobre o seu emprego.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

No texto menciónase a figura do **curandeiro**. Se vostede traballa con estudantado non galego, interésese por saber se nas súas culturas tamén existe, se socialmente é unha figura recoñecida ou non e que tipo de curación fan.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas que entenden eles por **medicina alternativa**. Escoite as súas respostas e escriba no encerado as ideas que xurdan arredor dese concepto. Se non mencionasen **remedios naturais**, fágao vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Anime os seus estudantes a ler o texto proporcionado sobre os remedios naturais. Durante a lectura, aclare as posibles dúbidas que poidan xurdir e, despois, faga que comenten algunhas das ideas que aparecen (en parellas ou entre toda a clase). Pode facer preguntas como: **Fostes algunha vez a un curandeiro? Confiades neste tipo de figuras? Algunha vez utilizastes algún produto natural para aliviar un malestar físico? Consumides algún produto en especial polas súas calidades?**

B. Chame a atención dos seus estudantes sobre os produtos das fichas e anímeos a ler a información proporcionada en cada unha delas. Permítalles empregar o dicionario ou facerlle a vostede as consultas que precisen. Interésese por

saber se tamén se empregan coas mesmas finalidades na/s súa/s cultura/s ou, de non ser así, se existen outros produtos que se empregan cos mesmos fins. Se vostede traballa con alumnos e alumnas galegos, pregúntelles se coñecían todas as propiedades mencionadas para cada produto e se coñecen outras alternativas para os males que aparecen nas fichas.

C. Se non o fixeron no que vai de actividade, anime os seus estudantes a comentar se coñecen algún outro remedio natural e os seus beneficios para a saúde.

E DESPOIS

Pode propoñerlles crear un cartel con breves fichas informativas (como as que aparecen no libro) sobre diferentes remedios naturais para pegar nalgunha das paredes da aula. Anímeos a comezar o traballo facendo unha primeira chuvía de ideas e a buscar información fóra. Noutra sesión, poden poñer en común a información e crear as fichas. Proporcionélles vostede o material que precisen.